

Ditames Comisión asesora PEPRI entre o 01/04/2022 e o 30/06/2022

1. Plan director de iluminación e paisaxe nocturna en zona PEPRI

Ditame:

A Comisión informa favorablemente este documento que contén unha diagnose da situación actual da cidade e así tamén os criterios que seguirán os novos sistemas de iluminación, porén considérase importante que se atendan as seguintes suxestións:

- a) Avaliar a inserción dun catálogo de puntos de luz antigos que podan conservarse.
- b) Inserir unha relación de fitos arquitectónicos e de conxuntos arquitectónicos, máis aló do nivel de catalogación contido no Catálogo do PEPRI, que deberán definirse e para os que se establezan os criterios de iluminación como puntos focais e de conxunto, (coma as galerías, por exemplo).
- c) Establecer criterios específicos para os xardíns e zonas arboradas, (coma a Praza de Azcárraga e os Cantóns, entre outras), inserindo o diagnóstico das distintas especies e a súa evolución vital en relación coa iluminación.
- d) Inserir un estudo histórico das contornas nos que se disporán os novos sistemas de iluminación como os sistemas defensivos e as murallas.
- e) Inserir un estudo dos puntos escuros ou negros da cidade desde a óptica da seguridade e establecer os criterios de iluminación destes para emendar a falta da perspectiva de xénero da diagnose da situación da cidade.
- f) Estudar o cableado das fachadas dos edificios para optimizalo e eliminar a obsolescencia ao implantaren as novas tecnoloxías.
- g) Estudo da iluminación polo miúdo da lama de auga, nomeadamente na zona da Dársena.
- h) Integrar os criterios establecidos no Proxecto de Urbanización da rúa San Andrés preparado polo Servizo de Rehabilitación, que contén unha estratexia de iluminación para a dita rúa.

2. Rúa Capitán Troncoso, núm. 22

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm: 9224102, TB

Actuación proxectada: Instalar un ascensor, reformar o interior das vivendas e cambiar o uso do baixo.

Obxecto da consulta: viabilidade da intervención na fachada do edificio e no deseño das carpintarías e da porta corredeira no portal.

Ditame:

A Comisión ditaminou anteriormente sobre as obras proxectadas respecto da intervención na cuberta do edificio e para implantar o ascensor co cambio de uso do local da planta baixa que se destina a uso comercial.

Neste caso avalíase a intervención na fachada para substituír as carpintarías das ventás das plantas altas de guillotina por oscilobatentes cun incremento de altura do antepeito, e a da porta de acceso por outra de tipo corredeira.

Estas modificacións infórmanse desfavorablemente porque modifican de forma substancial a composición e as características da fachada deste edificio, que conta cunha protección integral e, por tanto, debe conservarse cos seus elementos característicos na súa configuración orixinal.

A porta corredeira non é admisible sen prexuízo de que a actual se substitúa por outra de madeira que harmonice coa carpintaría da fachada.

3. Rúa Santiago , núm. 4

Nivel de protección: II Integral .Ficha núm. 9222002

Actuación proxectada: Conservar os elementos comúns na cuberta, as fachadas, a estrutura e as varandas deste edificio.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta da cor con pintura de esmalte brillante e a intervención na galería, coa retirada da caixa de persiana e a reposición dos cadrados ornamentais sen documentar suficientemente.

Ditame:

Sen prexuízo do resultado dos informes de inspección previa que se realizará, adiántase que o sistema illante SATE non é autorizable neste edificio xa que conta co nivel de protección integral.

A ornamentación dos elementos da fachada debe definirse claramente de xeito que permita coñecer ben a proposta.

As tonalidades das cores das pinturas e esmaltes serán mate e non brillantes.

4. Rúa Mantelería, núm. 4

Nivel de protección: IV Ambiental, Ficha núm: 8522013. Elementos protexidos: portal e carpintarías interiores; AC.

Actuación proxectada: Instalar un ascensor.

Obxecto da consulta: Compatibilidade das obras que se proxectan para reformar o portal. coa normativa de protección.

Ditame:

A reforma do portal para implantar o ascensor afecta excesivamente á escaleira e aos elementos protexidos, polo que debe requirirse que se estude a solución que procure o acceso directo ao ascensor cunha cadeira de rodas desde o portal, coa modificación deste desde a planta baixa, de xeito que se afecte o mínimo posible ao ancho e aos chanzos da escaleira.

A maquinaria poderá disporse no lateral, implicando só lixeiramente ao baixo

5. Avenida Mariña núm. 30 - Real núm. 67

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm.8622409. TB

Actuación proxectada: Cambio de uso de residencial a turístico.

Obxecto da consulta: Admisibilidade do uso alternativo hoteleiro e da modificación do alzado do baixo que dá á avda. da Mariña.

Ditame:

O cambio de uso resulta admisible.

Infórmase desfavorablemente o elemento que se proxecta no acceso ao edificio para substituír o elemento acristalado porque impide percibir a fachada do edificio e afecta ao entorno urbano desta rúa.

O arqueólogo municipal informará sobre o tratamento dos achados arqueolóxicos.

6. Rúa San Nicolas, núm. 17 - 3º

Nivel de protección: II Integral . Ficha núm: 8824111. TB

Actuación proxectada: Substituír a galería da planta 3º protexida.

Obxecto da consulta: Admisibilidade da substitución da galería especialmente protexida.

Ditame:

A galería é un elemento que conta con protección específica polo que a súa substitución non resulta admisible; deberá achegarse o estudo e xustificación das obras de conservación necesarias coa substitución dos elementos puntuais deteriorados.

7. Rúa Olmos, núm. 5, plantas 2º e 3º

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm: 8522413,. AC

Actuación proxectada: Reformar as plantas 2º e 3º; e pintar a fachadas nas cores branca e gris.

Obxecto da consulta: Se as obras resultan compatibles co nivel de protección deste edificio e a normativa do PEPRI.

Ditame:

As obras que se proxectan resultan compatibles co nivel de protección e a normativa do PEPRI. No suposto de proxectarse un cambio de uso deberá formalizarse a solicitude co proxecto correspondente.

8. Cantón pequeno, núm. 29-31 - baixo

Nivel de protección: Sen catalogar. Ficha núm: 8319304.

Actuación proxectada: Substituír o rótulo indicativo da entidade no acceso.

Obxecto da consulta: Condicións desta tipoloxía de rótulos.

Ditame:

Infórmase desfavorablemente o rótulo que se solicita polo impacto negativo no edificio e no entorno; as súas características supoñen un forte foco visual que deturpa a percepción da arquitectura da rúa.

9. Rúa Rego da auga, núm. 7

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm.: 8923210.

Actuación proxectada: Mantemento e conservación.

Obxecto da consulta: Requisitos da intervención.

Ditame:

As obras, que se limitan a conservación e mantemento, infórmanse favorablemente

10. Praza María Pita , núm. 15

Nivel de protección: I Monumental. Ficha núm. 9023207

Actuación proxectada: Reparar a terraza da cuberta.

Obxecto da consulta: Condicións a impoñer nesta intervención.

Ditame:

As obras, que se limitan a conservación e mantemento, infórmanse favorablemente

11. Rúa Tinaxas, núm. 1

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 9522101

Actuación proxectada: Reparar as galerías e a cuberta do edificio.

Obxecto da consulta: Requisitos que se deben impoñer como condicións desta intervención.

Ditame:

As obras, que se limitan a conservación e mantemento, infórmanse favorablemente.

12. Rúa Real, núm. 60

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8622320. TF TB

Actuación proxectada: Rehabilitar o edificio

Obxecto da consulta: Sobre o TB e o TF, e a posibilidade de construír unha planta de soto.

Ditame:

A Comisión estima que antes de resolver esta solicitude deberá realizarse unha inspección previa do edificio para avaliar os elementos interiores de interese que se aprecian na reportaxe fotográfica, nomeadamente, a escaleira, a cheminea e a cambota, posto que non foron avaliados por falta de acceso ao edificio durante os traballos de elaboración e redacción do PEPRI.

Sen prexuízo do que resulte da inspección, infórmase favorablemente o proxectado respecto da recuperación do patio.

Para executar o soto que se solicita, espazo que pode destinarse a albergar as instalacións, deberá previamente realizarse a intervención arqueolóxica coa autorización da Dirección xeral de Patrimonio Cultural.

O forxado da planta primeira deberá recuperarse na súa configuración orixinal ata a fachada do edificio.

O uso do zinc non resulta autorizable agás nos supostos establecidos no artigo 118 do PEPRI, neste caso onde existe previamente, o que debe quedar xustificado no proxecto ou nos seus anexos.

A cuberta debe rematarse con tella curva (ou “árabe”) consonte o dito artigo 118.

13. Rúa Franxa, núm. 24 - 3º

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8924009

Actuación proxectada: Reformar a vivenda do 3º andar.

Obxecto da consulta: Condicións a impoñer nesta intervención logo de estudar o estado do inmovible.

Ditame:

Para intervir na estrutura deste edificio, que supón unha intervención integral en todo o inmovible - que conta con protección estrutural, consonte a ficha do Catálogo -, deberán eliminarse os elementos descontextualizados, especialmente o engadido na cuberta na última planta.

A cuberta orixinal deberá recuperarse segundo a Memoria do estudo histórico do edificio, que debe figurar no proxecto ou como Anexo deste.

Para rehabilitar a 3ª planta deste edificio deberá intervirse, previamente na estrutura do inmovible, polo que esta obra vencéllase coa anterior. Neste caso, deberán manterse os elementos de interese coma a cambota e as carpintarías, que deberán ser restauradas.

14. Rúa Orzán núm. 129

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8322403. AC

Actuación proxectada: Substituír as carpintarías e os acabados das escaleiras.

Obxecto da consulta: Compatibilidade desta intervención co interese dos elementos, nomeadamente a escaleira e pasamáns.

Ditame:

A substitución da carpintaría por outra de madeira pode ser autorizada sempre que se reproduzan as súas características de xeito idéntico, respecto da cor, perfís e particións, sen prexuízo de que se dispoña o dobre acristalamento que se interesa, polo que deberá xustificarse que se cumpren estas condicións coa achega de planos de carpintaría a escala 1:20, que inserirán detalles da sección.

A intervención que se proxecta nas escaleiras e o pasamáns infórmase favorablemente.

15. Rúa Rego da Auga, núm. 58

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8824507. AC, TF y TB.

Actuación proxectada: Pintado fachada, patio e reparación terraza.

Obxecto da consulta: Compatibilidade desta intervención coa protección do edificio.

Ditame:

As obras de reparación e pintura que se solicitan infórmanse favorablemente. Porén, esta intervención obriga a que se trate a fachada do edificio dun xeito integral e harmónico.

Isto esixe que se pinte a carpintaría coa mesma cor que o resto da fachada, que se retire a cartelería en desuso e que se traten e repoñan os elementos deteriorados que permanecen nesta, a carón do acceso ao inmovible.

16. Rúa San Andrés, núm. 125 - baixo

Nivel de protección: Sen catalogar

Actuación proxectada: Acondicionar o local para dispor as máquinas *vending*.

Obxecto da consulta: Viabilidade da actuación.

Ditame:

Para acondicionar o baixo deste edificio da rúa San Andrés e dispor a venda de produtos automática, debe respectarse a estética da fachada en relación coa contorna urbana e nomeadamente coa categoría desta rúa.

Observaranse as condicións impostas polo artigo 122 do PEPRI, respecto da harmonización da estética coas plantas superiores; en relación cos artigos 116, respecto da reixairía, e 125 e 126, sobre a tipoloxía dos rótulos.

17. Rúa San Nicolas, núm. 7

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 8824114. TB

Actuación proxectada: Conservar a fachada deste edificio.

Obxecto da consulta: Se cómpre recuperar a altura orixinal da porta do portal

Ditame:

Na intervención que se proxecta para rehabilitar a fachada do edificio, infórmase favorablemente que se recupere o oco orixinal da porta do portal.

18. Rúa Rego de Auga núm. 16, baixo- núm 7, baixo

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm. 8924503. TB.

Actuación proxectada: Reformar o local destinado a farmacia.

Obxecto da consulta: Compatibilidade de recuar o acceso e a porta de acceso e as carpintarías.

Ditame:

A reforma do local que se proxecta infórmase favorablemente se se cumpren as condicións seguintes:

- A porta do acceso ao local ten que estar no mesmo plano vertical que a fachada, sen recuado.
- A publicidade do establecemento ten que ubicarse no machón.
- Os marcos dos ocos serán de cantería e non de aplacados, expresamente prohibidos no PEPRI.

O cumprimento destas condicións deben xustificarse documentalmente.

19. Praza Azcárraga, núm. 10

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 9322201.

Actuación proxectada: Reforma integral do inmovible.

Obxecto da consulta: Viabilidade da apertura dos ocos preexistentes, mudar a posición da escaleira e engadir unha galería na planta terceira do edificio.

Ditame:

A Comisión avalía positivamente a rehabilitación e recuperación deste edificio singular.

Na intervención deberán considerarse as seguintes esixencias:

- Deberá realizarse e tramitarse o proxecto de intervención arqueolóxica.
- O ascensor debe implantarse sen modificar nin alterar o volume do edificio.
- A recuperación do sistema estrutural e dos elementos orixinais infórmase favorablemente, co cambio de posición das escaleiras que deberá documentarse e xustificarse no proxecto coa Memoria histórica.
- Na dita Memoria xustificárase tamén a apertura dos ocos orixinais, para o que deberá incorporarse un estudo dos paramentos que completará o proxecto.
- A tipoloxía da cuberta, do patio, e a posición dos forxados, coma o volume do edificio terá que respectarse.
- Non se autorizan novas galerías que modifiquen as características compositivas e estéticas singulares deste edificio.

A Oficina Técnica municipal realizará unha inspección previa do edificio antes de emitir os preceptivos informes.

20. Cantón Pequeno , núm. 18

Nivel de protección: II Integral .Ficha núm. 8420022

Actuación proxectada: Obras de conservación e mantemento.

Obxecto da consulta: Condicións das obras

Ditame:

As obras de conservación e mantemento que se solicitan infórmanse favorablemente coas condicións seguintes:

- A cor branca será mate, non brillante.
- Para que se autorice a intervención do zócolo deberá achegarse o estudo de restauración dos especialistas na materia, anexo ao proxecto, que xustifique e garanta a integridade deste.
- O rótulo que permanece na cuberta do edificio, que contravén o establecido no PEPRI, retirárase.

21. Rúa San Andrés núm. 153

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm: 8321603 (PEG)

Actuación proxectada: Viabilidade de ampliación en altura.

Obxecto da consulta: sobre a ampliación en altura

Ditame:

Consonte o establecido no artigo 97 do PEPRI, ao engadir unha planta ao edificio existente, a cuberta cumprirá os parámetros esixibles neste.

A cuberta orixinal manterase no caso de manterse tamén a volumetría orixinal, existente na actualidade.

22. Rúa Franxa, núm. 40

Nivel de protección: non catalogado

Actuación proxectada: Recuperar o uso histórico (hoteleiro ou residencial.)

Obxecto da consulta: Informar sobre a proposta de recuperar o uso histórico deste edificio sen modificar o seu volume.

Ditame:

Este edificio, non catalogado, configura un suposto de incompatibilidade co planeamento por razón da altura, polo que resultan de aplicacións as limitacións establecidas para este réxime.

Infórmase favorablemente a recuperación deste edificio, se se cumpren as condicións impostas pola situación de incompatibilidade co planeamento.

23. Praza España, núm. 14

Nivel de protección: non catalogado

Actuación proxectada: Nova edificación (substitución) dun inmovible

Obxecto da consulta: Avaliación da proposta presentada, respecto das galerías, balcóns, e da formación da cuberta.

Ditame:

Consonte o artigo 102.5 do PEPRI, para autorizar unha nova galería deberá xustificarse que na contorna existen edificios catalogados con galerías, que harmonizan coa proxectada.

Malia isto, a galería é un corpo voado acristalado que se dispón sobre a fachada do edificio, polo que non pode eliminarse en ningún tramo o muro da fachada.

Pola outra banda, deberá axustarse a súa posición ás determinacións do artigo 102 do PEPRI, en relación co artigo 143. 2 da ordenanza Atochas-Derribo que sinala que neste ámbito se establece o mantemento do actual coeficiente de ocupación, e polo tanto da línea de edificación interior.

24. Rúa Porta de Aires, núm. 29

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm: 9324311

Actuación proxectada: Rehabilitación do edificio.

Obxecto da consulta: sobre a viabilidade das actuacións, e en particular sobre o illamento tipo SATE en fachada, a ampliación dos ocos en planta baixa e o deseño da carpintería exterior en planta baixa.

Ditame:

O sistema de illamento SITE resulta incompatible coa protección ambiental deste edificio ao alterar a configuración orixinal desta fachada obxecto de protección.

A apertura de ocos e as características das carpinterías son autorizables se se recupera a composición orixinal da fachada, coma nas plantas altas, 2ª e 3ª que recuperan o ritmo dos da planta 1ª.

En planta baixa non se permite ampliar os ocos segundo se solicita senón que deben manterse, e carpintaría tamén.

25. Rúa Rego da auga, núm. 14

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm: 8924504

Actuación proxectada: Substituír o rótulo protexido

Obxecto da consulta: Viabilidade da substitución ao tratarse dun rótulo que se considera elemento protexido.

Ditame:

En aplicación dos artigos 124 e 125 do PEPRI, non se permiten os rótulos sobre o lintel da porta de acceso.

Poren, neste caso, o rótulo catalogado, Sastrería Iglesias, ocupou o oco, polo que pode autorizarse sempre que se dispoña nesas condicións, reproducindo as características das súas letras: material, cor, textura, tamaño, (pétreas, en tons cor area ou gris), para salientar a categoría deste edificio.

A lenda deberá deseñarse de xeito que ocupe o oco, e a intervención na fachada da planta baixa deberá garantir a harmonía do conxunto.

Suprimirase o resto da cartelería.

26. Praza España núm. 9

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm: 9026009 PE

Actuación proxectada: Reestruturación e ampliación do edificio.

Obxecto da consulta: viabilidade da fachada.

Ditame:

As obras para restaurar e ampliar este edificio infórmase favorablemente, deberán achegarse os planos dos alzados que definen nomeadamente a intervención na fachada.

27. Cantón Grande. Parterre do Metrosidero.

Nivel de protección: Clasificación do solo: Urbano Consolidado

Actuación proxectada: colocar a placa que o World Athletics lle outorgou ao Concello relativa ao Patrimonio Mundial do Atletismo.

Obxecto da consulta: Viabilidade de colocar a placa no parterre do metrosidero da praza Obelisco.

Ditame:

Infórmase favorablemente a colocación da placa no metrosidero da praza do Obelisco.

28. Praza Marqués San Martín núm. 5, 1º

Nivel de protección: Área de respecto do BIC do Conxunto Histórico.

Actuación proxectada: modificación das letras do letreiro do Colexio

Obxecto da consulta: viabilidade de manter as letras na mesma posición e tamaño.

Ditame:

A disposición das novas letras na ubicación das existentes infórmase favorablemente.

29. Rúa Cordelería, núm. 61

Nivel de protección: sen protección.

Actuación proxectada: Substitución da galería.

Obxecto da consulta: admisibilidade de substituír a galería de madeira por aluminio.

Ditame:

Consonte establece o artigo 115 do PEPRI informouse desfavorablemente para este edificio a substitución das carpintarías e as galerías, de madeira por outras doutro material.

Poren, comprobouse que logo de notificar que non resulta autorizable a dita substitución, realizouse a da galería da terceira planta, polo que cómpre tramitar a reposición da legalidade infrinxida.

30. Rúa San Andrés núm. 84 - 3º

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm.- 8422305

Actuación proxectada: Substitución de xanelas de aluminio por PVC.

Obxecto da consulta: Se resulta autorizable dispor nunha planta PVC na carpintería exterior do edificio que conta con protección estrutural.

Ditame:

O artigo 115 do PEPRI establece que as carpintarías dos edificios catalogados, coma este que conta con nivel de protección estrutural, teñen que ser de madeira, polo que non pode autorizarse a substitución das carpinterías por PVC, senón que deben realizarse en madeira.

O resto das carpinterías debe substituírse igualmente por outras de madeira, aínda que se realice en fases sucesivas.

Isto debe informarse tamén á Comunidade de Propietarios.

31. Rúa Porta de Aires, núm. 10

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm: 9224407

Actuación proxectada: Conservación e pintado da fachada e zonas comúns.

Obxecto da consulta: uso da cor gris na fachada, que non se atopa entre as autorizadas no PEPRI.

Ditame:

A intervención para conservar e manter o edificio infórmase favorablemente.

A cor da pintura da fachada estará comprendida dentro da gama establecida no artigo 107.2 do PEPRI.

Neste caso, o NCS S 1502-Y5CR pode entrar na gama das tonalidades de “terras naturais”.

32. Rúa Alta núm. 1

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm: 8422304

Actuación proxectada: Intervir na fachada.

Obxecto da consulta: viabilidade da proposta.

Ditame:

A cor da pintura que se solicita infórmase desfavorablemente porque non está dentro da relación das establecidas no artigo 107.2 do PEPRI, que admite para pintar as fachadas, as gamas en tonalidades “terras naturais”, ocre amarelenta, ou sienas, gamas rosáceas e branca dentro dos tons cor óso.

33. Rúa Real núm. 54

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm: 8622317

Actuación proxectada: Reformar a cuberta do edificio.

Obxecto da consulta: Tratamento do baixo cuberta e usos autorizables.

Ditame:

As obras que se proxectan resultan compatibles co planeamento, infórmanse favorablemente.

34. Praza San Agustín, núm. 1 – Mercado municipal

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm: 8925001

Actuación proxectada: Reforma da planta soto do Mercado Municipal.

Obxecto da consulta: Dispor reixas nas fachadas para as saídas da ventilación e climatización.

Ditame:

A disposición das reixas de saída nos laterais do edificio infórmanse favorablemente.

A modulación e a composición dos ocos na fachada traseira deben ser obxecto de mellor estudo para garantir a integridade do obxecto de protección.

35. Rúa San Andrés, núm. 56

Nivel de protección: non catalogado

Actuación proxectada: Rehabilitación e cambio de uso de oficinas a hoteleiro.

Obxecto da consulta: Se o uso alternativo e a proposta das fachadas resulta admisible.

Ditame:

O proxecto que presenta para rehabilitar a fachada do edificio e implantar o uso hoteleiro axústase á normativa e mellora a imaxe da contorna urbana respecto doutras propostas anteriores, polo que se informa favorablemente.

36. Praza das Atochas, núm. 5

Nivel de protección: IV Ambiental .Ficha núm. 9127403

Actuación proxectada: Reforma, ampliación de tres plantas e instalación de ascensor.

Obxecto da consulta: Viabilidade da proposta (colocación de balcóns nos andares 4º e 5º, carpintería da planta 5º, fachada posterior, terraza no baixo cuberta, carpintería de aluminio, formación da cuberta,

Ditame:

As obras que se proxectan infórmanse desfavorablemente toda vez que a cuberta non se acomoda co establecido no artigo 97 do PEPR:

- Ao incrementaren as plantas deberá executarse a tipoloxía de cuberta que se establece no dito artigo.

- O cumio da cuberta estará centrado e os ángulos e alturas serán os previstos.

Os balcóns que se proxectan nas plantas altas non son admisibles en aplicación do artigo 102 do PEPRI, a fachada das plantas engadidas deben ser lixeiras e posibilitar a percepción do edificio obxecto de protección.

A crestería que coroa o remate do edificio protexido debe manterse e conservarse no seu lugar, sen prexuízo de que a nova construción poida rematarse con outro elemento igual ou similar.

Para garantir o aprecio do edificio catalogado debe reproducirse o esquema que introduce e que se refire na Memoria do Plan especial para este edificio.

37. Rúa San Andrés, núm. 14-16

Nivel de protección: II Integral. .Ficha núm. 872410301.

Actuación proxectada: Instalación ascensor.

Obxecto da consulta: Avaliar o resultado da visita dos técnicos municipais e a compatibilidade das obras proxectadas para reducir o ancho da escaleira da planta baixa e da parte das varandas nas plantas altas para facilitar a saída do ascensor, co nivel de protección integral.

Ditame:

As obras que se proxectan segundo a nova documentación técnica que se achegou resultan autorizables, tanto a porta de acceso de madeira que substituirá a de aluminio, e que vai harmonizar coa que existe actualmente, como a posición do ascensor no oco da escaleira que permite o ancho mínimo do espazo en cada parada e a redución da escaleira, que xa fora obxecto de intervención, permitíndose a súa anchura de 0,80 m.

Infórmase favorablemente.

38. Rúa Real núm.2 - 1º

Nivel de protección: Non ten.

Actuación proxectada: Intervención na fachada con cambio de ventás.

Obxecto da consulta: Admisibilidade da carpintaría que se propón.

Ditame:

A intervención na fachada deste edificio e a substitución das carpinterías, que serán de madeira, infórmase favorablemente.

39. Praza Santa Bárbara, núm. 3

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm.942008

Actuación proxectada: Consolidación de cuberta.

Obxecto da consulta: Tratamento do elemento desconforme da cuberta.

Ditame:

As obras que se proxectan para substituír elementos da estrutura da cuberta actual supoñen a consolidación da composición volumétrica existente, polo que deberá documentarse e avaliarse a situación dos elementos sobre a cuberta, para o que a Comisión recomenda que se inspeccione previamente o edificio polos servizos municipais.

40. Rúa Orzán, núm. 100 - baixo

Nivel de protección: V Ambiental do conxunto . Ficha núm. 8423312

Actuación proxectada: Cambio de uso de local a vivenda.

Obxecto da consulta: Admisibilidade do cambio de uso e avaliar a norma sobre protección das vistas.

Ditame:

As obras que se proxectan para implantar o uso de vivenda infórmanse desfavorablemente en tanto non se emende o documento técnico para o que se solicita licenza respecto do mantemento e conservación da configuración exterior da planta baixa, da pintura da planta baixa de xeito que resulte uniforme co resto da fachada, e da xustificación da conservación dos elementos da fachada.

Non se autoriza o tabique interior proxectado que compromete o oco da ventá.

Todo isto sen prexuízo de que se xustifique o cumprimento da normativa de habitabilidade que avaliarán os servizos municipais.

41. Rúa Herrerías, núm. 8

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 9224304. Escaleira protexida.

Actuación proxectada: mantemento e conservación do inmovible.

Obxecto da consulta: Posibilidade de substituír de 16 chanzos da escaleira.

Ditame:

Infórmase favorablemente a intervención que se proxecta neste edificio baixo a condición de que se reproduzan os chanzos coas mesmas características e tipoloxía: a madeira, o tratamento desta e as proporcións xeométricas.

42. Cantón pequeno, núm. 1

Nivel de protección: I Monumental. Ficha núm.8420201.

Actuación proxectada: Dispor o sistema de control do acceso sen furar nin afectar aos acabados do chan e dos paramentos.

Obxecto da consulta: Estudar a compatibilidade do sistema co nivel de protección.

Ditame:

O sistema de control que se proxecta non afecta aos elementos catalogados nin ás superficies do espazo polo que se informa favorablemente.

43. Praza Pontevedra, núm. 2. Axencia Tributaria.

Nivel de protección: Sen protección.

Actuación proxectada: Mantemento e conservación do edificio coa instalación de rótulos luminosos.

Obxecto da consulta: Avaliar se os dous rótulos luminosos de (3,00x,700 e 0,90 0,80cm). que se proxectan afectan negativamente ao contorno urbano desta zona do PEPRI

Ditame:

Os letreiros luminosos non se permiten no contorno de aplicación do Plan especial polo que se informan desfavorablemente.

Os letreiros que se soliciten deben adaptarse e xustificar o cumprimento da normativa do PEPRI.

44. Praza Azcárraga, núm. 12 - 2D

Nivel de protección: Non catalogado

Actuación proxectada: Substituír as xanelas de madeira por outras de PVC.

Obxecto da consulta: Admisibilidade deste material para este edificio.

Ditame:

O artigo 115.1 do PEPRI establece que nos edificios existentes non catalogados que teñan galerías de madeira garantirán a conservación destas sen que se permita a substitución por outro material e deseño.

Infórmase desfavorable a substitución das carpintarías de madeira por outro material.

O corpo de madeira debe conservarse.

45. Rúa San Andrés, núm. 68

Nivel de protección: II Integral. Ficha núm. 8423410. TB

Actuación proxectada: Pintar a fachada e a carpintería.

Obxecto da consulta: Avaliar as condicións a impoñer.

Ditame:

Logo de avaliar as condicións a impoñer no tratamento da pintura deste edificio pola súa singularidade e presenza no contorno, infórmase que deben manter as cores do edificio pola significación que lle aportan.

46. Rúa Juana de Vega, núm. 17 - 3º.

Nivel de protección: III Estrutural . Ficha núm. 83.19006

Actuación proxectada: Rehabilitar e reformar o interior da vivenda da 3ª planta.

Obxecto da consulta: Se resulta compatible co nivel de protección substituír a galería posterior do edificio.

Ditame:

Infórmase favorablemente as obras proxectadas.

Infórmase favorablemente a substitución da carpintería da galería posterior por madeira, pero subliñando que non debe reproducirse ningún elemento ornamental que non sexa orixinal nesta fachada posterior.

47. Praza das Atochas, Cuartel militar de Atocha

Nivel de protección: I Monumental. Ficha núm. 9225301. Declaración BIC

Actuación proxectada: Intervir no peto da fachada.

Obxecto da consulta: Condicións a impor para autorizar esta intervención.

Ditame:

A intervención que se solicita para reparar o peto da fachada infórmase favorablemente, baixo as seguintes condicións consonte o artigo 109 do PEPRI:

- O morteiro será de cal e area entoada coa cor da pedra
- Non se comprometerán as xuntas da pedra, a xunta quedará a pano ou lixeiramente refundida e lavada, e deixarase limpa a pedra.
- Non se usarán técnicas abrasivas, nin doutro tipo, que deturpen ou pulan a pedra.

48. Rúa Damas num.19, baixo

Nivel de protección: III Estrutural. Ficha núm. 9223309

Actuación proxectada: Acondicionar o interior do local e modificar a fachada para implantar un café-bar.

Obxecto da consulta: Estudar a intervención que se proxecta na fachada da planta baixa.

Ditame:

Sen prexuízo do que autorice a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en exercicio das súas competencias respecto do toldo, infórmanse favorablemente as obras que se solicitan baixo a condición de que as persianas queden inseridas dentro da carpintería para que esta quede á vista en todo momento.

49. Rúa Panadeiras, num. 55

Nivel de protección: IV Ambiental. Ficha núm. 8825004

Actuación proxectada: Rehabilitar e ampliar do edificio.

Obxecto da consulta: Se modificar o cumio da cuberta do edificio e instalar a velux, a fachada do patio, a fachada principal na planta baixa e a galería que se proxectar pechar en cego sobre o mesmo voo, resulta compatible coa protección do edificio.

Ditame:

As obras que se proxectan infórmanse desfavorablemente toda vez que a cuberta non se acomoda co establecido no artigo 97 do PEPRI:

- Ao incrementaren unha planta, deberá executarse sobre esta última a cuberta coa tipoloxía que establece o dito artigo.
- O cumio estará centrado e ten que axustarse aos ángulos que prevé o Plan especial.

As obras que se solicitan para a planta baixa, coa solución que se presenta para a fachada posterior do edificio e coa de eliminar as bufardas con iluminación dos espazos con velux, infórmanse favorablemente.

Para autorizar a solicitude deberá emendarse o proxecto no que respecta á cuberta.

50. Rúa Príncipe, 6-8

Nivel de protección: Príncipe 6, III Estrutural .Ficha núm:9322003NJ4092S).

Príncipe 8, II Integral. Ficha núm (9322004NJ4092S).

Actuación proxectada: Repoñer a legalidade para axustar o edificio á licenza concedida o 16.10.2006.

Obxecto da consulta: Avaliar os informes e autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que se achegan.

Ditame:

Logo de avaliar o contido das resolucións do xefe do Servizo de Coordinación Cultural, a interesada achegou novas propostas sobre a fachada posterior do edificio a carón da muralla, nas que se modifica o volume deste para deixar máis espazo á súa completa visualización.

Estas propostas parecen compatibles coa reposición da legalidade que se segue e co cumprimento das condicións das licenzas respecto á protección da muralla e o programa de musealización desta.

Das 3 propostas presentadas, infórmase máis favorablemente a última ou nº 3, como solución volumétrica que elimina totalmente o voadizo e leva a fachada en liña e plano vertical coa cornixa, diminuíndose ademais así o impacto da cuberta.

Esta solución, que non leva a cuberta ata a fachada, considérase mellor por permitir unha visualización máis limpa e harmónica.

Toda vez que se modifica o *Proxecto básico obras a realizar consecuencia de la conservación y musealización de la Muralla, inserido no Modificado 3 do Proxecto Básico de obras e Adecuación á licenza*, autorizado, propónse remitir as novas solucións volumétricas á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para o seu estudo respecto do impacto sobre a Muralla.

Neste punto, os vogais que representan á Administración Autonómica mantéñense á marxe das avaliacións, sen prexuízo do que resulte dos pronunciamentos da dita administración.

51. Reordenación da Rúa San José

Actuación proxectada: Ampliación e reurbanización das zonas peonís (Pavimentación e renovación das infraestructuras.

Obxecto da consulta: Viabilidade das actuacións.

Ditame:

Este proxecto refire as obras destinadas a arranxar o pavimento e as infraestructuras urbanas do tramo da rúa San José que recolle.

Infórmase favorablemente pola mellora da accesibilidade que prevé coa plataforma única como calzada que elimina os chanzos e que dá continuidade ao pavimento que se dispuxo na rúa da Torre.